



María José Gómez Rodríguez
Conselleira do Medio Rural, Xunta de Galicia

► APELO Á
CORRESPONSABILIDADE
DE TODOS OS AXENTES
IMPLICADOS NO SECTOR
LÁCTEO, CO FIN DE ACADAR
A ESTABILIDADE NOS
PREZOS QUE REFORCE A
COMPETITIVIDADE DAS
EXPLOTACIÓNS GALEGAS

Vimos de coñecer os últimos datos de entregas de leite correspondentes ao mes de decembro do 2025, o ano no que **se cumpriu unha década desde a desaparición do réxime de cotas lácteas**. Nestes 10 anos, o sector do leite en Galicia afrontou varios escenarios que, lonxe de debilitalo, foron capaces de reforzalo e reestruturalo ata chegar á situación actual. Hoxe en día temos un sector maduro, forte, asentado e moi competitivo tanto a nivel europeo como mundial.

O sector lácteo galego foi medrando en todos os sentidos: tamaño das granxas, importe de investimentos, número de animais, volume de produción e calidades; en boa parte, debido a unha evolución positiva dos prezos.

Ao contrario do que sucedía hai 10 anos, cando os nosos gandeiros tiñan que saír fóra para ver o que outros estaban facendo, agora son os nosos produtores de leite os que son referencia a nivel europeo, e as súas granxas

Un sector lácteo galego maduro e competitivo

reciben moitos gandeiros e gandeiras que veñen doutros territorios a ver, coñecer e aprender cal é o segredo para o triunfo das nosas explotacións.

Ao quitarnos de enriba ese corsé das cotas lácteas, puidemos desenvolver todo o noso potencial e, desde entón, non deixamos de medrar ata chegar ao momento actual, no que **levamos 3 anos batendo records de produción** (o último ano chegamos a producir 3.088.325 toneladas). Ademais, **ano tras ano imos incrementando o contido en graxa e proteína**, ata chegar á produción máis alta na historia de Galicia nestes sólidos do leite. E estamos a conseguir estes resultados nun momento no que **o leite de Galicia representa a porcentaxe máis alta que nunca con respecto ao total do leite producido en España** (máis do 42 %). E por riba, cada vez somos quen de transformar máis materia prima na nosa terra, o que se traduce en máis valor engadido, en definitiva, máis riqueza.

No que se refire aos prezos, se facemos un percorrido por esta última década, podemos ver que tras o fin das cotas en abril do ano 2015 sufrimos un fonda crise de prezos e de volume provocada pola adecuación á nova realidade do mercado. Non obstante, de cara ao segundo semestre do ano seguinte, Galicia foi quen de saír desa crise e **a partir de 2016 o sector non deixou de acrecentarse**.

En 2023 tivemos un reaxuste dos prezos, xa que foran subindo en escalada ata alcanzar os case 59 céntimos por litro. Esta sucesión de cotizacións ascendentes freou ao chegar a primavera dese ano, pois era necesario realizar un cambio de tendencia para situarnos en consonancia cos prezos europeos, que xa comezaran a baixar 6 meses antes. Na segunda parte do ano 2024 os prezos volveron á senda da recuperación, ata escalar de novo ata aos 53 céntimos por litro.

En España, debido á obriga establecida polo Paquete Lácteo, deben existir **contratos de subministración para un período e cun prezo negociado entre produtores e compradores**. A regulamentación específica do sector lácteo en España e Galicia provoca que en certos momentos esteamos nunha situación allea aos mercados lácteos europeos e mundiais, sobre todo en contextos de alta volatilidade. Non obstante, esta realidade non evita alteracións no mercado galego.

Aínda así, lonxe de asumir a resignación como resposta, coido que se dan as condicións axeitadas para que o sector ofrezca unha resposta colectiva e compartida entre produtores e industrias. Apelo así á corresponsabilidade de todos os axentes implicados no sector lácteo, co fin de acadar a estabilidade nos prezos que reforte a competitividade das explotacións galegas.

Con todo, en ningún caso semellan xustificadas axustes pronunciados nin prolongados no tempo. O entendemento entre os distintos chanzos da cadea de valor antóllase como a mellor medicina nun mercado mundial que confía na recuperación de prezos de cara ao segundo semestre do ano.

O sector lácteo galego é un sector maduro que foi aprendendo a convivir coa alta volatilidade dos prezos e acadou unha alta capacidade de adaptación ao mercado nos últimos tempos. Estou segura de que nesta ocasión o sector do leite en Galicia volverá a estar á altura das circunstancias e sabará aproveitar esa vantaxe que nos deron os altos prezos do leite nos últimos anos, durante os que tamén se rexistraron cotizacións contidas dos insumos. A esta conxuntura positiva cómpre sumar tamén a fortaleza dun sector, que, unha vez máis, superará con éxito unha nova primavera. ■

Anticipa la PAC

Hay cosas que
no dependen de ti.

Anticipar la PAC¹, sí.



Hazlo con la ayuda de nuestros especialistas y consigue **acceso a una solución digital de gestión agrícola²**, con la que podrás optimizar la gestión de tu explotación.



Solo para las 500
primeras licencias

Hasta el 31
de diciembre

Es el momento 

1. Operación sujeta a previa aprobación por parte del banco. Consulta condiciones en tu oficina o en www.bancosantander.es.
2. Una suscripción a una herramienta digital para impulsar tu negocio por cada NIF/CIF y por anticipar un mínimo de 25.000€. Suscripción durante un periodo máximo de once (11) meses, y como límite hasta el día 31 de diciembre de 2026, aunque llegada la citada fecha no se haya cumplido el periodo máximo de once (11) meses.